

VI CARREIRA POPULAR CONCELLO DE MONTERREI
MONTERREI é 10
3 DE NOVEMBRO DE 2019
PROBA OFICIAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO CON
DISTANCIA HOMOLOGADA

A VI CARREIRA POPULAR CONCELLO DE MONTERREI – MONTERREI é 10, está organizada polo CONCELLO DE MONTERREI en colaboración coa ASOCIACIÓN DEPORTIVA LIMIACTIVA e celebrarase o domingo día 3 de novembro de 2019.

REGULAMENTO XERAL:

1. A saída será:
 - a. Ás 10:30 para a carreira Infantil-Cadete (2.000 m.)
 - b. Ás 10:50 para a carreira Benxamín-Alevín (1.000 m.)
 - c. Ás 11:15 para a carreira Absoluta (10K, 5K e TAPIAS MARIÑÁN DUO RACE. homologados pola RFEA)
 - d. Ás 12:35 para a carreira prebenxamín (400 m.)
 - e. Ás 12:45 para a carreira pitufos (200 m.)
2. A saída e meta estará situada na rúa Progreso, na localidade de Albarellos, a carón da Casa de Cultura de Monterrei, onde se entregarán os dorsais.
3. A clasificación será absoluta e por categorías.
4. A organización contará coa colaboración da Federación Galega de Atletismo, Protección Civil e dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ó longo do percorrido.
5. O percorrido estará sinalizado cada kilómetro.
6. O control de chegada pechará 45 minutos despois de que entre o primeiro clasificado.
7. A carreira estará controlada pola Federación Galega de Atletismo.
8. A organización conta con seguro de accidentes e responsabilidade civil.
9. Poderá ser motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais e competir co dorsal ou chip de outras persoas.
10. Os atletas com licencia deportiva terán que aterse ó regulamento de Disciplina Deportiva em vigor.
11. Os atletas com licencia FGA deberán competir coa camiseta oficial do seu clube.
12. As persoas non inscritas oficialmente, non poderán participar na carreira, pois non están amparadas polos seguros da proba. A organización e a FGA non se fan responsables dos danos que estas podan causar ou causarse.
13. Todo o non disposto na presente normativa rexerase polas normas de competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.
As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de publicarse oficialmente os resultados.
14. Os participantes, polo mero feito de tomar parte na proba, acatan o presente regulamento.

TAPIAS MARIÑÁN DUO RACE

Para esta proba os atletas deberán participar en equipo (parellas), un/unha na carreira 10K e outro/a na 5K.

A organización sumará os tempos dos dous compoñentes do equipo, establecendo unha clasificación por categorías:

- DUO MASCULINO
- DUO FEMININO
- DUO MIXTO.

Os tres equipos de cada categoría que menos tempo sumen, serán os que suban ó podium.

Un mesmo atleta non poderá estar inscrito no 10k ou 5k, e participar como equipo na TAPIAS MARIÑÁN DUO RACE, polo tanto, non se poderán acumular premios individuais con premios en equipo.

A hora de realizar a inscrición terá que optar por unha das tres modalidades. No caso de inscribirse na DUO RACE deberán sinalar que distancia vai a facer.

INSCRICIÓN:

Recibiránse inscricións a partir do 14 de outubro ata o 31 de outubro ás 23:59 H.

- ✓ Na web: <https://championchipnorte.com/>

Cuota de inscrición: 5,00 € para a carreira absoluta.

A participación nas carreiras escolares é de balde.

Os participantes nas probas de 10K, 5K e TAPIAS MARIÑÁN DUO RACE, teñen que abonar **5,00 €** en concepto de cuota de inscrición.

Ademais, os atletas que non posean o chip amarelo teñen que aboar **1,00 €**, en concepto de alquiler do chip, no momento de inscribirse na páxina web de championchipnorte.

Se o atleta non é usuario, debe darse de alta no apartado “rexistrarse” e seguir as instrucións para formalizar a inscrición.

Non se completará a inscrición ata formalizar o pago.

IMPORTANTE: Para realizar as inscricións, é obrigatorio para tódolos participantes dar os seguintes datos: nome e apelidos, data completa de nacemento, sexo, número de teléfono, localidade de procedencia, clube e número de licenza federativa (sólo os atletas federados). non se admiten inscricións sen os datos obrigatorios, nin fora de prazo, nin o día da proba.

Deberán sinalar se están empadroados no Concello de Monterrei e si se posúe licenza federativa de atletismo.

PECHARASE A INSCRICIÓN O XOVES DÍA 31 DE OUTUBRO AS 23:59 H.

A entrega dos dorsais efectuarase ata 30 minutos antes de cada proba.
Servizo de duchas nas instalacións das piscinas a 150 m da zona de saída/meta.

CATEGORÍAS:

	CATEGORÍA	HOMES E MULLERES	HORA DA SAÍDA	DIST.
A	SUB10	NADOS NO 2010 E 2011	10:50 H	1 Km.
B	SUB12	NADOS NO 2008 E 2009		
C	SUB14	NADOS NO 2006 E 2007		
D	SUB16	NADOS NO 2004 E 2005	10:30 H	2 Km
E	SUB20	NADOS NO 2000, 2001, 2002 e 2003	11:15 H	10K 5K
F	SÉNIOR	NADOS NO 1999 ATA VETERANOS		
G	VETERANOS +35	MAIORES DE 35 ANOS		
H	VETERANOS +45	MAIORES DE 45 ANOS		
I	VETERANOS +55	MAIORES DE 55 ANOS		
J	PREBENXAMÍN	NADOS NO 2012 E 2013	12:35 H	400 m
K	PITUFOS	NADOS NO ANO 2014 – 2015 – 2016 E 2017	12:45 H	200 m
L	DUO MASCULINO		11:15 H	
M	DUO FEMININO		11:15 H	
N	DUO MIXTO		11:15 H	

PREMIOS:

CATEGORÍAS	PREMIOS	
PREBENXAMÍN SUB10 SUB12 SUB14 SUB16	TROFEOS PARA OS TRES PRIMEIROS CLASIFICADOS E MEDALLAS PARA O 4º E 5º DE CADA CATEGORÍA.	
CARREIRA ABSOLUTA 10K E 5K	1º CLAS. MASC. – TROFEO 2º CLAS. MASC. – TROFEO 3º CLAS. MASC. – TROFEO	1º CLAS. FEM. – TROFEO 2º CLAS. FEM. – TROFEO 3º CLAS. FEM. – TROFEO
SUB20 SÉNIOR VETERANOS +35 VETERANOS +45 VETERANOS +55 10K E 5K	TROFEO PARA OS PRIMEIROS CLASIFICADOS DE CADA CATEGORÍA (OS PREMIOS NON SERÁN ACUMULATIVOS AGÁS OS DOS ATLETAS LOCAIS)	
ATLETAS LOCAIS (Empadroados no Concello de Monterrei) 10K E 5K	TROFEOS PARA O 1º E 2º LOCAL MASC.	TROFEOS PARA O 1º E 2º LOCAL FEM.
MAIOR IDADE	TROFEO	
MÁIS NOVO	TROFEO	
PITUFOS	MEDALLAS PARA OS 30 PRIMEIROS	
TAPIAS MARIÑAN DUO RACE	MEDALLAS PARA OS COMPOÑENTES DOS 3 PRIMEIROS EQUIPOS NAS CATEGORÍAS: DUO MASCULINO DUO FEMININO DUO MIXTO	

PARA RECIBIR OS PREMIOS SERÁ NECESARIA A PRESENCIA DOS GAÑADORES NA CEREMONIA DE ENTREGA, NON PODENDO DELEGAR A RECOLLIDA DOS TROFEOS.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.